

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

14061 *LEI ORGÁNICA 1/1998, do 15 de xuño, de reforma da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia.* («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a
seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos quince anos desde a aprobación da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia, e desenvolvida unha dilatada experiencia que nos leva a concluír que o sistema autonómico tivo un proceso importante de afianzamento, de precisión e de arraigamento no corpo social, a Asemblea Rexional de Murcia acordou, por unanimidade, na sesión plenaria celebrada o día 11 de xuño de 1996, propoñer unha reforma do Estatuto de autonomía que permitise profundar na capacidade de autogoberno das nosas institucións, asumindo maior número de competencias e reforzando o funcionamento e o papel do Parlamento rexional.

Artigo único.

Os artigos da Lei orgánica 4/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía para a Rexión de Murcia, que se relacionan a continuación, quedarán redactados da seguinte forma:

«Artigo 3.

1. O territorio da Rexión é o dos municipios comprendidos dentro dos límites da provincia de Murcia.

2. A Comunidade Autónoma de Murcia orgánizase territorialmente en municipios e comarcas.

Os municipios gozan de plena personalidade xurídica e autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios.

As comarcas gozan tamén de plena personalidade xurídica, así como de autonomía para o cumprimento dos fins que lles sexan atribuídos pola lei.

3. Os municipios poderán agruparse, con carácter voluntario, para a execución de obras e a xestión de servizos comúns, de acordo coa lexislación que dicte a Comunidade Autónoma.

4. Por lei da Asemblea Rexional poderanse crear áreas metropolitanas e regula-las entidades de ámbito territorial inferior ó municipio.»

«Artigo 8.

A Comunidade Autónoma prestaralle especial atención ó dereito consuetudinario da Rexión, con particular referencia ós tribunais consuetudinarios e tradicionais en materia de augas, e protexerá e fomentará as peculiaridades culturais, así como o seu acervo de costumes e tradicións populares, respectando en todo caso as variantes locais e comarcais.»

«Artigo 10.

Un. Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Murcia a competencia exclusiva nas seguintes materias:

1. Organización, réxime xurídico e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

2. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

3. Obras públicas de interese para a Rexión dentro do seu propio territorio e que non sexan de interese xeral do Estado nin afecten a outra Comunidade Autónoma.

4. Ferrocarrís, estradas e camiños cun itinerario que discorra integramente no territorio da Rexión de Murcia, e nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios, por cable e tubos. Transporte marítimo entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma, sen conexión con portos ou puntos doutros ámbitos territoriais. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transporte.

5. Portos, aeroportos e heliportos que non teñan a cualificación de interese xeral, nos termos do artigo 149.1.20 da Constitución.

6. Agricultura, gandería e industrias agroalimentarias, de acordo coa ordenación xeral da economía.

7. Proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese para a Comunidade Autónoma, cando o leito integral das augas se encontre dentro do seu territorio. Augas minerais e termais.

8. Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos, augas superficiais e subterráneas cando discorran ou se encontren integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

9. Pesca en augas interiores, marisqueo, acuicultura e alguicultura, así como o desenvolvemento de calquera outra forma de cultivo industrial. Caza e pesca fluvial. Protección dos ecosistemas nos que se desenvolvan as ditas actividades.

10. Feiras e mercados interiores.

11. Planificación da actividade económica e fomento do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional, así como a creación e xestión dun sector público rexional propio da Comunidade Autónoma.

12. Artesanía.

13. Museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, conservatorios de música e danza, centros dramáticos, de belas artes e demais centros de depósito cultural ou coleccións de análoga natureza, de interese para a Rexión, que non sexan de titularidade estatal.

14. Patrimonio cultural, histórico, arqueolóxico, monumental, artístico, paisaxístico e científico de interese para a rexión.

15. Fomento da cultura e da investigación científica e técnica en coordinación co Estado, especialmente en materias de interese para a Rexión de Murcia.

16. Promoción, fomento e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

17. Promoción do deporte e da adecuada utilización do ocio.

18. Asistencia e benestar social. Desenvolvemento comunitario. Política infantil e da terceira idade. Institucións de protección e tutela de menores, respectando, en todo caso, a lexislación civil, penal e penitenciaria. Promoción e integración dos discapacitados, emigrantes e demais grupos sociais necesitados de especial protección, incluída a creación de centros de protección, reinserción e rehabilitación.

19. Política xuvenil conforme o establecido no artigo 48 da Constitución.

20. Promoción da muller.

21. Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións, así como a coordinación e demais facultades en relación coas policía locais, sen prexuízo da súa dependencia xerárquica da autoridade municipal.

22. Casinos, xogos e apostas agás as apostas e loterías do Estado.

23. Cooperativas e entidades asimilables, mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil.

24. Espectáculos públicos.

25. Estatística para fins non estatais.

26. Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

27. Industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia desenvólvese de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e números 11 e 13 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

28. Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía, cando o transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte outra Comunidade Autónoma. Todo iso sen prexuízo do establecido nos números 22 e 25 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

29. Procedemento administrativo derivado das especialidades da organización propia.

30. Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo cos números 1, 6 e 8 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

31. Servizo meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

32. Institucións de crédito cooperativo, público e territorial e caixas de aforro, no marco da ordenación da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado.

33. Denominacións de orixe e outras indicacións de procedencia.

34. Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre a defensa da competencia. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación doutros centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

35. Réxime das zonas de montaña.

Dous. No exercicio destas competencias corresponderalle á Rexión a potestade lexislativa, a potestade regulamentaria e a función executiva, que exercerá respectando, en todo caso, o disposto na Constitución.

Artigo 11.

No marco da lexislación básica do Estado e, se é o caso, nos termos que esta estableza, correspóndelle á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución nas seguintes materias:

1. Sanidade, hixiene, ordenación farmacéutica e coordinación hospitalaria en xeral, incluída a da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no número 16 do artigo 149.1 da Constitución.

2. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias, pastos e espazos naturais protexidos.

3. Protección do medio ambiente. Normas adicionais de protección.

4. Réxime mineiro e enerxético.

5. Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social, no marco das normas básicas que o Estado estableza de acordo co número 27 do punto un do artigo 149 da Constitución.

6. Ordenación do sector pesqueiro.

7. Defensa do consumidor e usuario de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11, 13 e 16 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

8. Sistema de consultas populares no ámbito da Rexión de Murcia, de conformidade co que dispoña a lei á que se refire o artigo 92.3 da Constitución e demais leis do Estado, correspondéndolle a este a autorización da súa convocatoria.

9. Réxime local.

10. Colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas, cámaras agrarias, de Comercio, Industria e Navegación, confrarías de pescadores e demais corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Artigo 12.

Un. Correspóndelle á Rexión de Murcia, nos termos que establezan as leis e as normas regulamentarias que en desenvolvemento da súa lexis-

lación dicte o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Asociacións.
2. Feiras internacionais.
3. Xestión das prestacións e servizos sociais do sistema de Seguridade Social INSERSO. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-la condición de beneficiario e o financiamento efectuaranse de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co disposto no número 17 do punto un do artigo 149 da Constitución.
4. Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co previsto no punto 17 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, reservándolle ó Estado a alta inspección conducente ó cumprimento da función á que se refire este precepto.
5. Xestión de museos, arquivos e bibliotecas de titularidade estatal, que non reserve para si o Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.
6. Pesas e medidas. Contraste de metais.
7. Productos farmacéuticos.
8. Propiedade industrial.
9. Propiedade intelectual.
10. Laboral. De conformidade co número 7 do punto un do artigo 149 da Constitución, correspóndelle ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.
11. Salvamento marítimo.

Dous. Os notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, e corredores de comercio serán nomeados polo Consello de Goberno, de conformidade coas leis do Estado.

A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ás notarías e ós rexistros da propiedade e mercantís en Murcia, así como nas correspondentes ós corredores de comercio, de acordo co previsto nas leis xerais do Estado.

Tres. Correspóndelle tamén á Rexión a execución, dentro do seu territorio, dos tratados internacionais e dos actos normativos das organizacións internacionais no que afecte a materia da súa competencia.

O Consello de Goberno da Rexión será informado polo Goberno do Estado dos tratados internacionais que interesen a esas mesmas materias.»

«Artigo 17.

1. Nos termos que estableza a lexislación en materia de empresas públicas, a Rexión de Murcia proporalle ó Goberno as persoas que teñan que formar parte dos órganos de administración das empresas públicas implantadas no seu territorio.

2. A Comunidade Autónoma poderá elaborar e remitirle ó Goberno informes, estudos ou propostas relativos á xestión das ditas empresas ou á súa incidencia socioeconómica na Rexión. Os ditos informes, estudos ou propostas darán lugar

á resolución motivada do Goberno ou dos organismos ou entidades titulares da participación das empresas.

3. Correspóndelle á Rexión de Murcia a execución no seu territorio dos plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestructuración dos sectores económicos. A Rexión participará na xestión do sector público estatal nos casos e actividades que procedan.»

«Artigo 19.

1. A Rexión de Murcia poderá establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas con autorización previa das Cortes Xerais.

2. Malia o disposto no número anterior e sen máis requisitos que a previa comunicación ás Cortes, a Rexión poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos que lle son propios. Estes convenios poderán crear entes e sociedades de xestión susceptibles de asociaren outras entidades públicas e privadas interesadas.

Nos trinta días seguintes ó da recepción da comunicación, calquera das Cámaras poderá instar que por razón do seu contido o convenio siga o trámite de autorización previsto no artigo 145.2, segundo inciso, da Constitución.

3. Transcorridos trinta días desde a recepción da comunicación polas Cortes sen que ningunha das Cámaras obxectase a conclusión do convenio ou, en todo caso, logo de obtida a autorización das Cortes, procederase á publicación daquel no "Boletín Oficial de la Región de Murcia" e no "Boletín Oficial del Estado" e entrará en vigor a teor do que este dispoña.

4. Para o exercicio da competencia de vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións prevista no artigo 10, un, 21, do Estatuto, a Comunidade Autónoma poderá convir co Estado a adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía nos termos e para o exercicio das funcións previstas na lei orgánica aludida no número 29 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.»

«Artigo 23.

Compételle á Asemblea Rexional:

1.º Elixir de entre os seus membros o presidente da Comunidade Autónoma.

2.º Designar para cada lexislatura da Asemblea Rexional os senadores a que se refire o artigo 69.5 da Constitución, conforme o que estableza unha lei da Asemblea, que asegurará en todo caso a adecuada representación proporcional.

3.º Solicitar do Goberno a formulación de proxectos de lei e presentar ante o Congreso dos Deputados proposicións de lei nos termos previstos no artigo 87.2 da Constitución.

4.º Fixa-las previsións de índole política, económica e social que, de acordo co artigo 131.2 da Constitución, lle teña que subministra-la Comunidade Autónoma ó Goberno para a elaboración dos proxectos de planificación económica xeral.

5.º Exerce-las competencias atribuídas polo presente estatuto á rexión, en relación coa supresión e alteración dos termos e denominacións dos municipios e a creación doutras entidades territoriais.

6.º Regula-la delegación de competencias administrativas da rexión nun ou varios municipios

ou nas entidades territoriais ás que fai referencia o artigo 3 deste estatuto.

7.º Autoriza-la prestación do consentimento para obrigarse polos convenios e demais acordos de cooperación nos que a Comunidade Autónoma sexa parte, así como supervisa-la súa execución.

8.º Establecer e esixir tributos segundo o previsto no artigo 133.2 da Constitución. Autoriza-la solicitude e concertación de créditos.

9.º Aproba-lo programa do Consello de Goberno e esixir, se é o caso, responsabilidade política na forma que determine unha lei da Asemblea.

10.º Examinar e aproba-la Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

11.º Interpoñe-lo recurso de inconstitucionalidade, contra leis, disposicións ou actos con forza de lei do Estado que poidan afecta-lo ámbito de autonomía para a Rexión, de acordo co disposto na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Artigo 24.

1. A Asemblea Rexional estará constituída por deputados elixidos por un período de catro anos mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. O sistema electoral será proporcional.

2. A Asemblea Rexional fixará por lei o número dos seus membros, que non será inferior a corenta e cinco nin superior a cincuenta e cinco deputados rexionais; as causas de inelixibilidade e incompatibilidade, a circunscrición ou circunscricións e o procedemento electoral, así como os requisitos para a convocatoria e celebración de eleccións.

3. As eleccións serán convocadas polo presidente da Comunidade Autónoma nos termos previstos na lei que regula o réxime electoral xeral, de maneira que se realicen o cuarto domingo de maio cada catro anos, sen prexuízo do que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordinar-lo calendario das diversas consultas electorais.

4. A Asemblea electa será convocada polo presidente cesante da Comunidade Autónoma, dentro dos trinta días seguintes ó de celebración das eleccións.

Artigo 25.

Os deputados rexionais:

1. Non están suxeitos a mandato imperativo.

2. Gozarán, mesmo despois de cesaren no seu mandato, de inviolabilidade polos votos e opinións que emitan no exercicio das súas funcións, que se entenden asumidos, para estes efectos, desde o acto da súa proclamación.

Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos presuntos actos delictivos cometidos no territorio da Rexión, senón no caso de flagrante delito, en tanto decide o Tribunal Superior de Xustiza sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo. Fóra da Rexión a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

3. Teñen dereito a formular preguntas, interpelacións e mocións nos termos que o regulamento determine. Tamén os asiste o dereito a obter das autoridades públicas a información precisa para o desenvolvemento das súas funcións, agás que se trate de actuacións ou materias nas que o funcionario estea obrigado por lei a gardar segredo.

Artigo 26.

1. A Asemblea Rexional reunirse en dous períodos ordinarios de sesións, comprendidos entre setembro e decembro o primeiro, e febreiro e xuño o segundo.

2. Por petición do Consello de Goberno, da Deputación Permanente da Asemblea Rexional ou da cuarta parte dos deputados rexionais, a Asemblea deberá reunirse en sesión extraordinaria que se clausurará ó esgota-la orde do día para a que foi convocada.

3. As sesións plenarias da Asemblea son públicas, agás nos casos previstos no regulamento.

4. Para a deliberación e adopción de acordos a Asemblea debe estar reunida regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría simple, agás que o Estatuto, as leis ou o regulamento esixan outras maiorías.

5. O voto é persoal e indelegable.

Artigo 27.

1. A Asemblea Rexional, no exercicio da súa autonomía, establece o seu propio regulamento, aproba o seu orzamento e regula o estatuto dos seus membros e o réxime do seu persoal. A aprobación do regulamento e a súa reforma precisan o voto final favorable da maioría dos membros da Asemblea.

2. A Asemblea Rexional elixirá de entre os seus membros o seu presidente e os demais compoñentes da mesa, que en ningún caso poderán ser membros do Consello de Goberno. O regulamento regulará a composición, réxime e funcionamento da Mesa.

3. A Asemblea Rexional poderá ser disolta no suposto de non se elixir presidente da Comunidade Autónoma no prazo de dous meses, de acordo co disposto no artigo 31.1 deste estatuto.

4. Ademais, o presidente, logo de deliberación do Consello de Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acorda-la disolución da asemblea rexional con anticipación ó termo natural da lexislatura. A disolución acordarase por decreto, no que se convocarán, pola súa vez, eleccións, e no que se conterán cantos requisitos esixa a lexislación electoral aplicable.

O presidente non poderá acorda-la disolución da Asemblea durante o primeiro período de sesións da lexislatura, cando quede menos dun ano para a súa terminación, nin cando se encontre en tramitación unha moción de censura.

Tampouco poderá acorda-la disolución antes de que transcorra o prazo dun ano desde a última disolución por este procedemento.

En ningún suposto poderá o presidente disolver-la Asemblea cando se encontre convocado un proceso electoral estatal.

5. En todo caso, a nova Cámara que resulte das convocatorias electorais previstas nos puntos 3 e 4 terá un mandato limitado polo termo natural da lexislatura orixinaria.»

«Artigo 32.

1. O Consello de Goberno é o órgano colexiado que dirixe a política rexional, correspóndelle a función executiva, o goberno e administración da Rexión, e o exercicio da potestade regulamentaria

en materias non reservadas polo Estatuto á competencia normativa da Asemblea Rexional.

O Consello de Goberno está facultado para interpoñer recurso de inconstitucionalidade de acordo co previsto no artigo 162.1, a), da Constitución, e o artigo 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, así como para suscitar os conflitos de competencia que opoñan á Rexión co Estado ou con outras comunidades autónomas de acordo co disposto no artigo 161.1, c), da Constitución, e nos artigos 59 e seguintes da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

2. O Consello de Goberno está composto polo presidente, o vicepresidente, se é o caso, e os conselleiros, que o presidente nomea e separa libremente.

3. O Consello de Goberno actuará sempre con absoluto respecto ós principios de legalidade e xerarquía normativa. As súas disposicións e resolucións serán obxecto de publicación no "Boletín Oficial de la Región de Murcia".

4. No non previsto neste estatuto, unha lei da Asemblea, aprobada co voto favorable da maioría dos seus membros, regulará a organización e as atribucións do Consello de Goberno, así como o estatuto persoal dos seus membros.»

«Artigo 46.

1. Correspóndelle ó Consello de Goberno a elaboración do orzamento da Comunidade Autónoma e á Asemblea Rexional, o seu exame, emenda, aprobación e control.

2. O orzamento terá carácter anual, axustará a súa periodicidade á dos orzamentos do Estado e será presentado polo Consello de Goberno á Asemblea cunha antelación mínima de dous meses á data de inicio do correspondente exercicio.

3. Nel incluíranse a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes da Comunidade Autónoma e consignarase igualmente o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos correspondentes a esta.

4. O orzamento da Comunidade Autónoma será elaborado con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais do Estado.

5. Se a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma non fose aprobada antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogada a do exercicio anterior ata a aprobación do novo.»

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14062 LEI ORGÁNICA 2/1998, do 15 de xuño, pola que se modifican o Código penal e a Lei de axuízamento criminal. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A denominada violencia na rúa constituíuse nun dos fenómenos máis relevantes para a convivencia cidadá durante os últimos anos. Os medios de comunicación e os máis diversos foros de reflexión e debate político e social deixaron constancia da gravidade desta nova forma de terrorismo, dada a súa extraordinaria capacidade para altera-la paz social. Por outra banda, ese impacto social viuse acentuado pola sensación, amplamente estendida, da impunidade coa que viñeron actuando os seus responsables, nos que concorria moitas veces a condición de seren mozos en proceso de formación.

A resposta das institucións democráticas a este fenómeno deberá ser necesariamente multidireccional, serena e axustada. Só deste xeito resultará amplamente compartida, compatible co escrupuloso respecto das liberdades públicas e, en definitiva, eficaz para preservar a pacífica convivencia dos cidadáns. Consecuentemente, esa resposta debe ter en conta o impulso da educación nos valores democráticos, o fomento das medidas que faciliten a inserción dos mozos no tecido socioeconómico e laboral e a perfección dos sistemas de prevención e investigación dos corpos de policía. Pero tampouco debe descoidarse a necesidade de completar e axustar as normas reguladoras da actuación do sistema punitivo.

Estas medidas lexislativas atenden xustamente a este último aspecto. Non debe imputárselles, polo tanto, desdén ou esquecemento de medidas doutra índole. Tampouco teñen pretensión de exhaustividade no propio plano normativo. Son, simplemente, o resultado dunha reflexión atenta á experiencia práctica e elaborada coa mirada posta no obxectivo de logralo máis amplo consenso posible.

II

Deste xeito, os partidos políticos democráticos presentes no Pacto de Madrid acadaron un amplo acordo para levar a cabo reformas concretas do Código penal e da Lei de axuízamento criminal que lles proporcionen ós xuíces e maxistrados instrumentos máis claros e efectivos para defende-los dereitos e liberdades dos cidadáns fronte ás agresións derivadas da violencia na rúa, claramente reprobables nunha sociedade democrática, e ás que, sen embargo, non lles resultan aplicables as previsións legais relativas ós delitos de terrorismo que contén o novo Código penal (sección segunda do capítulo V do título XXII do seu libro II).

Estas reformas constitúen unha posición común dos partidos políticos democráticos presentes no Pacto de Madrid, co propósito de lograr unha máis efectiva garantía dos dereitos e liberdades dos cidadáns, ameazados por aquelas conductas de violencia e intimidación na rúa.